



5- Coñecer ós mamíferos

Para traballar cos alumnos recoméndase imprimir as diapositivas, recortalas, plastificalas e logo volvelas a recortar, deixando bordos de plástico duns 2mm, para que se conserven moito tempo. Os alumnos colocaranse en grupos, cada grupo terá unha copia das diapositivas orixinais, tamén plastificadas ou en carpetañas transparentes, e uns poucos animais. Terán que pescudar que animal é e, cando coñezan os do seu grupo, cambiarán de mesa ata que os coñezan a todos. Recoméndase facer unha avaliación de coñecementos mediante diapositivas.

Orden carnívoros: diapositivas 2-9

Orden insectívoros: diapositivas 9-10

Orden morcegos: diapositiva 11

Orden primates: diapositiva 12

Orden lagomorfos: diapositiva 13

Orden roedores: diapositivas 14-16

Orden ungulados artiodáctilos: diapositivas 18-19

Orden cetáceos: diapositivas 20-23

Autora: Aurora Puentes Graña



Oso pardo ibérico (*Ursus arctos pyrenaicus*), propio do bosque atlántico. Somos o único país da Europa occidental que aínda conserva este impresionante animal



Lobo ibérico (*Canis lupus signatus*). É algo mais grande que un pastor alemán. Á esquerda está o mapa de distribución do lobo






Raposo (*Vulpes vulpes*) e o seu cranio, abaixo



Pegada de can (1) e de raposo (2). A de lobo é máis grande.



O teixugo ou porco teixo (*Meles meles*) é nocturno e o seu alimento favorito son as miñocas. Fuxe do ser humano e é moi sedentario, non como o raposo que viaxa moito máis e tamén pode ser visto de día. Abaixo: cranio e pegadas



Os tobos dos teixugos poden ser enormes. Coñécese un con 879m de túneles, 50 compartimentos e 178 entradas e as súas latrinas (os teixugos son moi limpos). Para a súa construción extraéronse 70 t de terra, o que evidencia que son herdadas por xeracións. Son sociais e o comparten varios individuos (2-12). Sen sabelo os seus tobos son utilizados por raposos, martas e garduñas



Lince ibérico (*Lynx pardinus*), unha especie endémica en alto perigo de extinción (mirade os cambios na distribución nos dous mapas). Podedes velo (con moita sorte) no Parque Nacional de Doñana

O hábitat do lince é o bosque e o mato mediterráneo e os seus maiores problemas están coas grandes obras viarias e coa caza furtiva. Moitos morren atropelados



Gato bravo (gato montés ibérico) nun centro de recuperación de Huelva. É moi difícil de ver. En España hai varias subespecies. A galega é *Felis silvestris silvestris*, ao sur do Douro está *Felis silvestris tartessia* (o da foto), algo máis grande



O armiño (*Mustela erminea*) cambia a cor da pelaxe nas zonas nevadas

Ambos son grandes cazadores de ratos e ratas



A denociña (*Mustela nivalis*) é mais pequena que o armiño, ten a cola máis pequena e non ten a punta negra



O turón (furón cando é doméstico) (*Mustela putorius*) é mais grande que os outros dous e ten unha máscara na cara inconfundible.

O furón doméstico é *Mustela putorius furo*




O visón europeo (*Mustela lutrola*). Fixádevos no mapa da dereita como diminuíron as súas poboacións. Un dos seus problemas, ademais da caza furtiva, é a competencia co visón americano, fugado ou liberado das granxas de cría

■ Distribución histórica
■ Distribución actual



Este é o visón americano, *Neovison vison*. Ten a manchiña branca só como se fora unha perilla. Compite co visón europeo e tamén coa lontra



Aquí tendes as principais diferenzas entre estes dous Visóns. Fonte: Modificado de J.C. Blanco e Manuel Merino



Á esquerda, a garduña (*Martes foina*), amiga de visitar lugares humanos. Á dereita a marta (*Martes martes*), amiga dos ambientes naturais, sen humanos.

Cal é a que visita os galiñeiros? A garduña.

Distínguense ben polo “babeiro”, branco na garduña, amarelo na marta



As dúas son moi boas cazadores de roedores. É responsabilidade nosa protexer mellor ás nosas galiñas polas noites



A lontra (*Lutra lutra*) vive nos ríos e pode baixar ata as rías. É mais grande que a marta e cando nada só asoma a cabeza. É moi xoguetona e inquieta





O meloncillo (*Herpestes ichneumon*), é a única mangosta europea. Sospéitase que foron os fenicios os que a trouxeron de oriente para eliminar ratas, ratos e réptiles (gústanlle as serpes) das súas vivendas. Haino no sur da Península



A xeneta (*Genetta genetta*) ten unha orixe similar ao meloncillo, pero foi introducida máis tarde, polos romanos (tíñanas como mascotas) ou polos árabes. Ten unha distribución maior e aparece por toda a Península. Gústanlle preferentemente os bosques.





Foca monxe, *Monachus monachus*, é a foca do Mediterráneo

Son carnívoros pinnípedos

Foca común, *Phoca vitulina*, é a foca que aparece as veces nas costas galegas




Porco espiño (*Erinaceus europaeus*). Ten moi bo olfacto e o seu oído pode escoitar ultrasóns. É nocturno e come moitos vermes, caracois, lesmas e artrópodos, tamén ratos, sendo considerado un animal beneficioso para a agricultura. Gústalle os montóns de leña para pasar o inverno. É solitario



A toupa (*Talpa europaea*) é un mamífero insectívoro, non vexetariano, que come invertebrados e osixena o solo, polo que é considerado beneficioso para a agricultura. Leva inxustamente culpa das desfeitas nos vexetais que fan os topillos que, a pesar do nome, son roedores con gusto polas raíces e costumes moi subterráneas, e que tamén fan galerías. O seu sentido máis desenvolvido é o tacto



O desmán de Pirineos (*Galemys pyrenaicus*), que a pesar do seu nome atópase en case todo o norte da Península, é un insectívoro acuático amante das augas limpas cunha trompa moi sensitiva



A musarañita (*Suncus etruscus*), é a máis pequena de todas. O seu tamaño é o da tapa dun bolígrafo



Musaraño. Pola aparencia podería ser o campesiño (*Crocidura suaveolens*) ou o gris (*C. russula*). Só podemos diferencialos pola dentadura. Son considerados animais beneficiosos por alimentarse de invertebrados, adultos e larvas, e, tamén dalgún roedor



Musaraño bicolor (*Sorex araneus*). Pola aparencia podería ser o de Millet (*S. coronatus*). Só podemos diferencialos pola dentadura. A diferenza dos musaraños de enriba, teñen dous tons de pel. Tamén son considerados animais beneficiosos



Morcego de bosque (*Barbastrellus barbastrellus*). Ten as orellas xuntas na base. Rexeita cambiar de refuxio e prefire os bosques



© Carlos Sanz

Morcego común (*Pipistrellus pipistrellus*). É o máis pequeno e pode verse en pobos, cidades e bosques



© Carlos Sanz

Morcego de ferradura (*Rhinolophus ferrumequinum*). É o de maior envergadura. Ausente das cidades




© Carlos Sanz



A mona ou macaco de Gibraltar, *Macaca sylvanus*, é o único primate europeo (aparte de nós) que se atopa en liberdade (?), e o único do seu xénero, *Macaca*, que vive fora de Asia. Son diúrnos e omnívoros, pero a súa alimentación e seguridade, neste caso, correron a cargo da Royal Navy británica ata 1991, responsabilidades que foron cedidas ao goberno de Gibraltar. A tradición di que mentres existan monas o Peñón seguirá baixo dominio británico. Hai uns 300 individuos. A súa orixe é un misterio, existiu antes das glaciacións, volveu a aparecer, quizá domesticada, volveuse salvaxe de novo...

Mapa de distribución da especie na actualidade





Coello europeo (*Oryctolagus cuniculus*). Gústalle o bosque con matos para agocharse, e o terreo brando para facer tobos. Viven varios individuos xuntos se hai alimento. É nocturno e de día está no seu tobo. Fora da súa área de orixe é considerado unha das 100 especies exóticas máis daniñas, capaz de transformar unha área frondosa nun deserto. Do seu número dependen especies como o lince ibérico e a aguia imperial. Considérase case ameazado, debido a dúas enfermidades víricas: a mixomatose e a hemorraxia vírica



A lebre ibérica, *Lepus granatensis*, ten menos problemas de conservación que o coello. É solitaria e máis grande que este e ten as puntas das orellas negras. Gústalle as praderías e as zonas agrícolas, aínda que poden aparecer tamén nos bosques e na montaña. Non ten tobos profundos. Ten tamén varias enfermidades, como a síndrome da lebre parda e a tularemia, a cal pode ser contaxiada ao ser humano. É vexetariana. En Galicia hai tamén a lebre de piornal, *Lepus castroviejo*, considerada un endemismo, coa cara branca




Esquí, *Sciurus vulgaris*. Pode ser escura e é a mesma especie



Leirón careto, *Eliomys quercinus*

Fixádevos neses detalles para distinguilos



Leirón gris, *Glis glis*

Nesta diapositiva hai varios roedores moi parecidos que se diferencian pola dentadura, creo que vos chega con chamalos topillos ou topinos- cercas en galego. Son causantes de graves danos nas árbores, pois lles gustan moito as raíces tenras. A mellor forma de estudalos é mediante egagrópilas- pelotas de curuxa



Topino vermello, *Myodes glareolus*



Rata de auga nortea, *Arvicola sapidus*



Topillo campesiño, *Microtus arvalis*



Estes buratos non solo non son de toupa, senón de topillos. Se aparecen galerías radiais tamén son deles



Topillo agreste, *Microtus agrestis*



Rato de campo, *Apodemus sylvaticus*. É loiro



Rato caseiro, *Mus musculus*. É gris



Rata negra, *Rattus rattus*



Rata común ou de cloaca, *Rattus norvegicus*



O corzo, *Capreolus capreolus*, é moito máis pequeno que o cervo. Ten cornas que cambia cada ano, pero pequenas e case verticais, mentres que o cervo as ten en forma de pólas abertas



Cervo, *Cervus elaphus*, femias abaixo e machos coas novas cornas, enriba. Chámanse cornas e non cornos pois caen cada ano e volven a nacer cubertas de pel



O gamo, *Dama dama*, ten cornas en forma de folla, planas. Sempre ten pintiñas, mentres que os outros dous só as teñen cando son crías. Ademais o gamo sempre vai en grupo, mentres que nos cervos e corzos, só as femias van en grupo, os machos só se lles unen en época de celo





Xabaril ou porco bravo (*Sus scrofa*)



Macho de cabra ibérica (*Capra pyrenaica*).
As femias teñen cornos moito máis pequenos




Sarrío (rebeco ou gamuza en castelán), *Rupicapra rupicapra*, ten cornos, polo tanto tennos todo o ano.
As femias tamén os teñen



Muflón, *Ovis musimon*. Os seus cornos enrólanse cara diante como se foran moños

En mar aberto, ás veces no interior das rías pero tamén varados nas costas, podemos velos. Os mellores avistamentos atopámoslos nas Canarias onde aparecen incluso os tímidos zifios



Balea azul (*Balaenoptera musculus*), o mamífero máis grande do planeta



Balea franca, *Eubalaena glacialis*, tamén chamada balea vasca



Rorcual común (*Balaenoptera physalus*).
Abaixo o seu tamaño con relación a nós






Cachalote (*Physeter macrocephalus*). Como todos os desta páxina, ten dentes, non baleas. Abaixo a súa aleta posterior e un individuo novo



Caldeirón común, *Globicephala melas*, chamado tamén balea piloto




Zifio común, *Ziphius cavirostris*. Un animal moi tímido que sufriu moito coas probas de ultrasóns en Canarias



O caldeirón gris, *Grampus griseus*, cun tamaño parecido a un golfiño, bota unha ollada á superficie



Arroaz, *Phocoena phocoena*




Boto, *Tursiops truncatus*. Este, chamado K-Dog foi entreado para localizar minas e trampas submariñas



Golfinho común, *Delphinus delphis*, arriba. Á dereita, o golfinho listado, *Stenella coeruleoalba*





Orca, *Orcinus orca*. Abaixo, grupo en augas de Noruega



Autores e ligazóns das imaxes

Pola falta de vocabulario especializado, empréganse algún dos nomes comúns en castelán.

2

Oso pardo. Fundación oso pardo. <http://www.fundacionosopardo.org/ficha.cfm?idArticulo=45>

Lobo ibérico: Juan José González Vega. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Canis_Lupus_Signatus.JPG?uselang=es

3

Raposo: John Sarvis. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Vulpes_vulpes_at_shipwreck.jpg?uselang=es

Cranio de raposo: Didier Descouens. <http://commons.wikimedia.org/wiki/File:RenardCr%C3%A2ne.jpg?uselang=es>

Pegada raposo-can: http://es.wikipedia.org/wiki/Vulpes_vulpes

Teixugo: BadgerHero. <http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Badger-badger.jpg?uselang=es>

Pegada teixugo: Lucyin Mahin. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Taesson_passeyes.jpg?uselang=es

Cranio teixugo: Phil41. <http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Dachssch%C3%A4del.JPG?uselang=es>

4

Lince ibérico: José María Alvarez. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Lince_Ib%C3%A9rico_Do%C3%B1ana.jpg?uselang=es

Mapas de distribución do lince: http://es.wikipedia.org/wiki/Lynx_pardinus

Gato montés: María Domínguez Carrasco

5

Armiño: Steve Hillebrand, USFWS. http://es.wikipedia.org/wiki/Mustela_erminea

Armiño branco: 4028mdk09. http://es.wikipedia.org/wiki/Mustela_erminea

Cola de armiño: photo credit: gipukan (rob gipman) via photo pin cc

Denociña: Kaven Law. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Mustela_nivalis_-British_Wildlife_Centre-4.jpg?uselang=es

Denociña: photo credit: Marko_K via photo pin cc

Turón: Malene Thyssen. <http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Ilder.jpg?uselang=es>

6

Visón europeo: Nicolai Meyer. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Europ%C3%A4ischer_Nerz.jpg?uselang=es

Mapa distribución visón: Osado. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Mapa_Mustela_lutreola.png?uselang=es

Visón americano: Hugo.arg. <http://commons.wikimedia.org/wiki/File:MustelaVison001.JPG?uselang=es>

7

Garduña: Zefram. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Steinmarder_01.jpg?uselang=es

Marta: Huhu Uet. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Baummarder_01.jpg?uselang=es

Lontra: Bernard Landgraf. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Fischotter_Lutra_Lutra.JPG?uselang=es

Lontra de pé: sarefo. <http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Lutra.lutra.standing.1.jpg?uselang=es>

8

Meloncillo: photo credit: d_leaper via photo pin cc

Meloncillo perfil: photo credit: RBolance via photo pin cc

Xeneta: photo credit: edans via photo pin cc

Xeneta coa cola visible: Guérin Nicolas. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Genetta_genetta_felina_%28Wroclaw_zoo%29.JPG?uselang=es
9

Foca común: L. Heafner. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Europ%C3%A4ischer_Seehund.jpg?uselang=es
Foca monxe: photo credit: alfonsator via photo pin cc
10

Porco espiño: Tauno Erik. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Erinaceus_europaeus_harilik_siil_02_estonia.JPG?uselang=es
Toupa: photo credit: Rainbirder via photo pin cc
11

Desmán: David Pérez. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Galemys_pyrenaicus_01_by-dpc.jpg?uselang=es
Musaraño (musaraña campesina): Sebastian Ritter. <http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Gartenspitzmaus.jpg?uselang=es>
Musaraño bicolor: photo credit: Buon Joe via photo pin cc
12

Morcego: photo credit: Jan Svetlík via photo pin cc
13

Mona de Gibraltar: lolaire. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Barbary_Macaque.jpg?uselang=es
Mapa distribución mona de Gibraltar: Butynski, T.M. e outros, 2008. Retocado por Aleuze. Ver referencias en http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Macaca_sylvanus_range_map.png?uselang=es
14

Coello: JJ Harrison. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Oryctolagus_cuniculus_Tasmania_2.jpg?uselang=es
Lebre: Luís Egido. <http://commons.wikimedia.org/wiki/File:LiebreIberica.jpg?uselang=es>
15

Esquí: Dellex. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Eichh%C3%B6rnchen_im_Herbst.jpg?uselang=es
Leirón careto: Arno Laurent. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Eliomys_quercinus01.jpg?uselang=es
Leirón gris: Marcus Osterman. http://es.wikipedia.org/wiki/Glis_glis
16

Topino vermello: Evan James hymo. <http://en.wikipedia.org/wiki/File:BankVole.jpg>
Rata de auga norteña: Adrian Pingstone. http://en.wikipedia.org/wiki/File:Water_vole.arp.jpg
Topillo campesiño: Dieter TD. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Feldmaus_Microtus_arvalis.jpg?uselang=es
Colonia topillos campesiños: Manuel R. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Microtus_arvalis_entry_holes.JPG?uselang=es
Topillo agreste: Manuel R. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Microtus_agrestis2.JPG?uselang=es
17

Rato de campo: Rasbak. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Apodemus_sylvaticus_bosmuis.jpg
Rato caseiro: W.A. Djatmiko. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Mus_muscul_061113_tdp-2.jpg
Rata negra: Liftam. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Rattus_rattus05.jpg?uselang=es
Rata común: photo credit: Sergey Yeliseev via photo pin cc

18

Cervo macho: Massimo Catarinella. <http://commons.wikimedia.org/wiki/File:RedDeerStag.jpg?uselang=es>

Corzo: Jojo. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Capreolus_capreolus_2_Jojo.jpg?uselang=es

Gamo: Fidel León Darder. <http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Daina.jpg?uselang=es>

19

Xabaril e grupo de cervos: Jorge Martínez Huelves. <http://recursostic.educacion.es/bancoimagenes/web/>

Sarrío: Félix Vallés Calvo. <http://recursostic.educacion.es/bancoimagenes/web/>

Cabra montés ibérica: Javier García Diz. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Capra_pyrenaica.jpg?uselang=es

Muflón: Volker G. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Muffelwild12.4.2008_007.jpg?uselang=es

20

Balea azul: NOAA. <http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Bluewhale877.jpg?uselang=es>

Debuxo de balea azul: T. Bjomstad. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Image-Blue_Whale_and_Hector_Dolphine_Colored.jpg?uselang=es

Balea franca: http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Eubalaena_glacialis_with_calf.jpg?uselang=es

Rorcual común: Lori Mazzuca. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:LMazzuca_Fin_Whale.jpg?uselang=es

Rorcual común debuxo: Chris huh. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Fin_whale_size.svg?uselang=es

21

Cachalote: Chris huh. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Sperm_whale_size.svg?uselang=es

Aleta posterior dun cachalote: http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Sperm_whale_fluke.jpg?uselang=es

Cachalote novo: NOAA. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Sperm_young_Nicklin.jpg?uselang=es

Caldeirón común: Aleuze. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Globicephala_melas.jpg?uselang=es

Debuxo caldeirón: Chris huh. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Long-finned_pilot_whale_size.svg?uselang=es

Caldeirón gris: photo credit: <http://www.flickr.com/photos/wildphotons/241211987/> wildphotons via <http://photopin.com> photo pin <http://creativecommons.org/licenses/by-nc/2.0/> cc

Zifio común: Bardrock. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Wal_Cuviera.jpg?uselang=es

Debuxo comparativo do tamaño co ser humano: Chris huh. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Cuvier%27s_beaked_whale_size.svg?uselang=es

22

Arroaz: Fjord&Bælt. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Porpoise_touching.jpg?uselang=es

Comparación golfiño–arroaz: Antur. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Dif_marsopa_delfin.png?uselang=es

Debuxo comparativo do tamaño co ser humano: Chris huh. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Bottlenose_dolphin_size.svg?uselang=es

Boto: Brien Aho. U.S. Navy. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:NMMP_dolphin_with_locator.jpeg?uselang=es

Golfiño común e listado: Scott Hill-NOAA. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Common_dolphin.jpg?uselang=es.

<http://commons.wikimedia.org/wiki/File:StripedDolpin.jpg?uselang=es>

23

Orca: Mlewan. <http://commons.wikimedia.org/wiki/File:JumpingOrca.jpg?uselang=es>

Debuxo comparativo do tamaño co ser humano: Chris huh. http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Orca_size-2.svg?uselang=es

Grupo de orcas: Wolfgang Hägele. <http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Orcas.jpg?uselang=es>

Hai dúas fotografías de Carlos Sanz, un biólogo e fotógrafo de natureza español . Publicou un CD de fotografías para este uso libre: “Imágenes de la Naturaleza. Fauna, flora y paisajes españoles”. 2000. Lobo Producciones S.L. Todos os que escribimos materiais educativos estámolle agradecidos.

Consellos

Se atopades un animal ferido, tede moito coidado con tocalo, o medo o fará máis agresivo. É mellor que o atenda o persoal dos centros de recuperación da fauna. O de A Coruña ten o teléfono: 981 626241 / 690634708 / 686252554.

Se podedes alivalo ou quitarlle algo onde se enredara, é mellor botarlle algo de roupa enriba (manta, toalla) para evitar que se mova. Debes colocarte ás súas costas para envolvelo e manterte afastado das patas e a boca. Se non es capaz e tes tempo, chama e espera aos servizos de asistencia. Se o colliches, mentres esperas é mellor que o metas nunha caixa de cartón con buratos , quítalle a manta, non lle des de comer nin de beber, non lle poñas nada á caixa para que non manche, e telo nun lugar afastado do ruído, da xente e con pouca luz. Nunca poderás quedar con el, isto é unha infracción da Lei 9/2001 de Conservación da Natureza.

http://www.medioruralemar.xunta.es/es/areas/conservacion/biodiversidad/centros_de_recuperacion_de_fauna_silvestre/

<http://www.todofauna.com/foros/showthread.php?5844-Listado-de-Centros-de-Recuperaci%F3n-de-Fauna-de-Espa%F1a-y-Portugal>

Ligazóns de interese

Lista das 100 especies exóticas máis daniñas do mundo:

http://es.wikipedia.org/wiki/Anexo:100_de_las_especies_ex%C3%B3ticas_invasoras_m%C3%A1s_da%C3%B1inas_del_mundo

Sobre vertebrados ibéricos:

<http://www.vertebradosibericos.org/>

<http://www.faunaiberica.org/?page=categoria&tipo=mam%EDferos>

<http://www.fundacionosopardo.org/>

<http://www.loboiberico.com/>

<http://www.fapas.es/>